

LIMIAR

Todos os lingüistas que desde hai algo máis dun século se ocuparon da variación diatópica do galego salientaron que as diferenzas entre as distintas rexións non son profundas e que, en todo caso, se organizan de oeste a leste, o que os levou a falar de trazos occidentais fronte a trazos orientais, ou de trazos occidentais, centrais e orientais. Máis modernamente, a primeira idea formulouse no contexto do continuum lingüístico que se estende de Fisterra ao cabo de Creus, formado no territorio constitutivo –para o galego e o portugués, o situado ao norte do Douro–; nel as isoglosas corren de maneira natural de norte a sur, sen xebrar lingüisticamente o territorio mais deixándoo *organizado* en faixas no sentido dos meridianos.

O día 9 de novembro de 2004 cumpríronse trinta anos do inicio do traballo de campo do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, que se veu sumar a unha curta pero vizosa tradición de estudos dialectolóxicos e achegou datos máis fiables e dunha rede moito máis mesta cós dos traballos anteriores. O *ALGa* permitiu que hoxe teñamos un coñecemento pormenorizado da variación xeográfica interna e que poidamos concibir unha visión do mapa dialectal de Galicia sobre unhas bases moito máis seguras do que se podía supoñer hai un cuarto de século. Produciuse tamén un adianto significativo no coñecemento da variación diatópica histórica no noso territorio, ao punto de que podemos albiscar que ao longo dos séculos a organización dialectal do territorio era en moitos aspectos coincidente coa actual, a pesar de se basear nun feixe de trazos distinto.

O desenvolvemento da dialectoloxía galega a partir da década dos sesenta e, sobre todo, a información facilitada pola base de datos do

ALGa, permitiron o avance dunha liña de investigación moi fructífera que propón unha organización espacial das variantes diatópicas en bloques e áreas lingüísticas: os primeiros dispóñense en franxas no sentido dos meridianos (occidental, central e oriental); as segundas son compartimentación deles no sentido dos paralelos (con frecuencia en coincidencia admirable cos límites diocesanos), e que aínda son susceptibles de se subdividiren sucesivamente en territorios máis pequenos. Na descrición da variación xeolingüística do territorio galego evítase o termo *dialecto*, que non ten un recoñecemento na percepción dos falantes, pois non teñen consciencia de falar unha variedade distinta da dos seus veciños en ningún lugar da nosa xeografía; son, en cambio, moi conscientes de trazos que os diferencian volta deste territorio volta daqueloutro. Os resultados desta aproximación tiveron unha grande aceptación, tanto entre os especialistas coma na sociedade en xeral, o que non significa que non sexan perfectibles nin que non se poidan avanzar máis nunha descrición máis completa.

O noso afán como dialectólogos non remata en dar conta da distribución dos trazos lingüísticos no territorio, senón continúa na procura das razóns últimas que explican por que unha ou máis isoglosas significativas cruzan o espazo lingüístico por un certo lugar, e dese xeito organizan o territorio en compartimentos relacionados pero distintos. Concibimos este volume *Lingua e territorio* como unha achega multidisciplinar ao estudo dos límites lingüísticos interiores e, coma os precedentes volumes desta serie, tivo en primeira instancia unha presentación pública como *Símposio ILG (Lingua e territorio)*. Santiago de Compostela. 4 de novembro-3 de decembro 2004). O coloquio aberto que seguiu a todas as conferencias, o debate e intercambio de ideas entre os especialistas participantes e as conclusións conxuntas, presentadas en sesión plenaria, arrequeñaron as contribucións iniciais no sentido que se plasma nos textos que agora editamos.

O obxectivo deste volume é afondar nas motivacións desta organización xeográfica que se manifesta a través da variación lingüística, coa axuda de especialistas doutras disciplinas, aos que lles propuxemos temas ou liñas abordables desde os seus respectivos campos de especialización. Desde o campo da historia, contamos coa participación de Lois Xulio Carballo e Ramón Fábregas (sociedade prehistórica e protohistórica), Carlos Balañas (as xurisdicións altomedievais) e Pegerto

Saavedra (a Galicia dos séculos XVI-XVIII); non demos atendido debidamente o aspecto das vías de comunicación marítimas e terrestres, que consideramos fundamental, pero agradecemos a José Manuel Caamaño Gesto (Facultade de Xeografía e Historia, USC) que aceptase ditar a conferencia sobre “Vías romanas de Galicia” no marco do simposio, moi esclarecedora. A visión dos historiadores complementábase ben coa de Xosé R. Mariño desde o campo da antropoloxía cultural; lamentamos que obrigas sobrevidas impedisen aos etnógrafos Xosé Carlos Sierra Rodríguez (Museo Etnolóxico de Ribadavia) e Xerardo Pereiro (Univ. de Trás-os-Montes) preparar para a publicación o texto da conferencia “Territorios percibidos e territorios nomeados. Identidades en mudanza”, pronunciada no seo do simposio e seguida dun longo coloquio, do que se aproveitan as nosas conclusións. Desde o campo da xeografía contamos con senllas contribucións de Xosé Manuel Souto (xeografía humana) e de Augusto Pérez Alberti (xeografía física); os resultados acadados mostran que o interese desta perspectiva é aínda maior do que xa cabía esperar, polo que será preciso volvermos a ela de xeito particular. Complemeta o cadro a visión de equipo do Instituto de Medicina Legal que traballa no mapa xenético da poboación galega, co capítulo redactado por Antonio Salas e colaboradores.

O monllo de contribucións lingüísticas está nucleado por investigadores do ILG. Entre eles, todos os que nesa altura constituíamos o equipo de *ALGa*, coa encarga de achegármonos ao tema desde diferentes perspectivas: o equipo coordinado por Francisco Fernández Rei foi encargado de poñer en relación as áreas léxicas dalgunhas palabras estudadas coas características do terreo e a paisaxe, e el mesmo é autor doutra contribución persoal sobre as áreas de distribución do léxico mariñeiro; o equipo coordinado por Manuel González procurou a relación doutras áreas léxicas con aspectos culturais e de xeografía humana; o equipo dirixido por Antón Santamarina indagou nas áreas debuxadas por palabras de orixe prelatina; o equipo coordinado por Álvarez, Dubert e Sousa revisitou o tema da organización das variedades diatópicas coa metodoloxía da dialectometría. Acompañánnos Ana I. Boullón, desde a sección de Onomástica do ILG, achegando a perspectiva da cartografía dos apelidos; o profesor Juan José Moralejo, que reelabora para esta ocasión parte dos seus resultados de investigación sobre toponimia e hidronimia prerromanas; e o profesor Michel

Contini, que abre o volume, cunha reflexión sobre o cerne do simposio e deste volume, facendo unha lectura da variación dentro do espazo lingüístico.

Dixemos máis arriba que o encontro dos investigadores, intermedio entre a concepción do volume e a súa edición, permitiu arrequentar os estudos particulares e chegar a algunhas conclusións interesantes, que convén presentar como suxestións ou puntos de partida para novos proxectos, pois este é, en última instancia, o obxectivo dos Simposios ILG e desta serie de monografía: facer que progrese o coñecemento centrando o interese dun grupo de investigadores escolleitos sobre un tema ou aspecto desatendido ou non desenvolvido abondo.

Na opinión dos participantes, confírmase que a organización das variedades diatópicas galegas descansa nun sistema básico que segue a liña dos meridianos, pero precísase que o fai en dous niveis: en primeira instancia, distínguese Galicia occidental e Galicia oriental, e só a seguir se percibe a división nos tres bloques descritos tradicionalmente (occidental, central e oriental). A análise dialectométrica mostra con datos estatísticos tanto a grande homoxeneidade de base coma a diferenza de nivel entre a estrutura en bloques (seguindo os meridianos) e a estrutura en áreas (seguindo os paralelos). Tamén confirma a coincidencia na distribución dos datos fónicos e morfolóxicos, e a singularidade do reparto en áreas dos trazos léxicos.

As contribucións dos xeógrafos corroboran que a organización dialectal básica ten correspondencia na disposición orográfica, pois Galicia está deitada baixando en terrazas sobre o Atlántico. Otero Pedrayo vía nisto o cerne da nosa vocación atlántica: a propia terra, as augas dos regatos e dos ríos baixando desde os altos cumes que nos separan do resto da Iberia, buscando o solpor, o occidente, o océano. Os tres grandes bloques correspóndense con características físicas, tanto na configuración de cada un deles coma na xerarquía que ocupan: toda a franxa oriental, coa sucesión de diversas serras desde o norte ata o sur, fronte ao resto; no occidente, a liña está marcada pola depresión meridiana, un corredor transitado por galegos de todas as épocas, na dirección norte sur (cf., por exemplo, o trazado da Vía de Antonino). Aos investigadores en ciencias humanas e sociais non nos sorprende que unha determinada configuración do terreo propicie a creación de espazos diferenciados (non comunicados) e que o dominio e inter-

cambio dos homes sobre ese espazo configure ao longo dos séculos un tipo de sociedade, con formas de habitación, tecnoloxías, costumes, etc. máis ou menos homoxéneas (e máis ou menos singulares respecto doutros territorios), e que todo isto se traslade ás características da variedade de lingua compartida.

Outras contribucións confirman esta organización, sobre todo para a Galicia atlántica, xa desde a antigüidade. A achega de Carballo e Fábregas resulta moi ilustrativa neste sentido, se ben estes autores nos fan ver que asemade a cultura castrexa ten grandes diferenzas nun eixe norte/sur; é importante a constatación de que hai diferenzas culturais prehistóricas, marcadamente territoriais, e isto permite conxectar que, antonte coma hoxe, se acompañarían de diferenzas lingüísticas. Xosé M. Souto móstranos que esa constante occidente/centro-oriente se percibe cada vez con maior intensidade e de feito está provocando un desenvolvemento acelerado no corredor atlántico en contra do resto da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Tamén quedou patente que os grandes movementos demográficos se produciron en distintas etapas históricas, seguindo unha liña xeral que leva a un despoboamento da parte oriental e a unha maior presión sobre a área occidental, polo que á hora de estudar as variantes históricas e a forma de configurarse as áreas actuais non poderemos pasar por alto o desprazamento poboacional de leste a oeste.

A homoxeneidade de base advertida na lingua non é un feito illado. Foi sinalada tamén por Mariño Ferro desde o punto de vista da antropoloxía cultural e por Antonio Salas desde o campo da xenética. Ora ben, a existencia dunha certa comarcalización xenética apoia a idea de que, desde antigo, se produciu no interior do territorio un intercambio (non só xenético: cultural e lingüístico) máis continuado que cos territorios colindantes. Os mapas monoxenéticos presentados por Ana Boullón ao falar dos apelidos mostran tamén ese carácter bastante endogámico: a difusión non só se produce sobre todo na contorna, sen un radio de expansión moi grande, senón que revela que se produce tendencialmente cara a partes do territorio que en última instancia constitúen a área xeográfica (física e humana) e lingüística.

A organización secundaria –baseada aínda en trazos fónicos e morfolóxicos– segue outras pautas, que semellan moito máis complexas e por iso máis difíciles de determinar. Por veces semella que algúns

territorios, con todo e seren colindantes, se organizan de xeito un tanto independente ao longo dos séculos. Nalgúns casos, segue sendo válido o condicionante orográfico: así se explica a fragmentación en bandas separadas por liñas leste-oeste en todo o bloque oriental, como consecuencia de que os pasos montañosos se producen nesa dirección, fronte á fragmentación en bandas no sentido norte-sur na área mindoniense, seguindo a disposición dos vales. Queda tamén patente a importancia dos cauces fluviais, non como barreiras naturais senón como elementos que cohesionan o territorio, xa desde a antigüidade: a auga e a beira do río como vía de comunicación, como fonte de aprovisionamento; o val como territorio humanizado, poboado, cultivado. E o mesmo se pode dicir do mar, en canto que as posibilidades técnicas e explotación dos recursos dun determinado territorio facilitan a comunicación duns puntos de costa con outros, por veces maior que con outros puntos ribeiráns con intereses non compartidos.

A pesar de non podermos ofrecer aínda un capítulo específico, non debemos deixar de sinalar a importancia concedida ao trazado dos camiños e vías de comunicación na configuración de espazos de sociabilidade. Para comprendermos o pasado cómpre termos presente, por un caso, que nas vías romanas, tan perdurables no tempo, prevalecía o trazado máis curto entre dous puntos e non a comodidade do camiñante, de maneira que discorren por territorios de montaña hoxe afastados das vías modernas e que, por iso, podían pór en comunicación e cohesionar territorios que na actualidade semellan sen contacto. É este un tema sobre o que haberá que volver, para tentarmos dar resposta a algunhas das interrogantes que se nos abren: por exemplo, sobre o papel xogado pola grande vía de comunicación que atravesaba desde antigo a Galicia oriental, e logo o Camiño de Santiago, na configuración do galego lucense, tan homoxéneo, con trazos menos específicos ca outras variedades e compartidos con amplos territorios centrooccidentais; cómpre lembrar que neste grande bloque é lucense todo o que non é nin mindoniense nin auriense (ambos con marcas moi características); o mesmo se pode dicir da continuidade entre o galego do Baixo Miño e o portugués miñoto occidental, con camiños que os conectan desde a noite dos tempos. Sería interesante afondar máis no trazado dos camiños terrestres e nas conexións marítimas, así como nos medios para salvar as correntes de auga e a súa ubicación (pontes,

pasais, barcas, etc.); a este respecto non podemos deixar de mencionar as comprobadas conexións marítimas en época prehistórica, tanto na costa atlántica coma co mundo mediterráneo.

En distintos capítulos ponse en evidencia unha vez máis a importancia dos límites diocesanos, visible nas propias denominacións usuais na organización dialectal destas áreas: tudense, mindoniense, lucense, auriense, etc. As contribucións de Pegerto Saavedra e de Xosé Ramón Mariño mostran con claridade que esta partición non se manifesta só na territorialidade da lingua. Nalgúns casos semella que os condicionantes son moi antigos, como tamén o son obviamente os que propiciaron o trazado dos límites das dioceses por eses lugares: nos mapas achegados por Carballo e Fábregas móstrase unha área SW que comprende a diocese de Tui e dá a volta, con maior ou menor extensión, pola parte occidental de Ourense; unha área que os lingüistas estamos afeitos a ver debuxada nos nosos mapas, tanto cando falamos das variedades de galego moderno coma cando cartografamos a variación medieval. Tamén é persistente no tempo a área oriental de Ourense, que xa non formou parte do convento bracarense. Finalmente, é significativo o silencio arredor dos posibles poboadores dos grandes baleiros do mapa elaborado por Baliñas para a Galicia altomedieval; non sabemos a que atribuílo, pero en todo caso salienta a ausencia en tres áreas con características marcadamente diferenciais, desde o punto de vista lingüístico: a mindoniense, a tudense e a asturicense.

Nun terceiro nivel hai outra organización, de base sobre todo léxica. Semella que se crean espazos sobre a base de determinados intereses comúns, como consecuencia dunha especialización. Fernández Rei mostra como o mundo mariñeiro se relaciona pouco co mundo labrego que ten ás súas costas e, no simposio, Sierra mostrounos como a actividade vitivinícola axudou a configurar un modo de habitación, de organización do espazo, de calendario agrícola, de apeiros, etc. propio dun territorio debuxado no mapa cunhas formas que semellan caprichosas (seguindo os cauces e as costeiras de maior insolación), e que ten pouco que ver coas áreas agrarias situadas ás súas costas, a un tiro de pedra. Mostrounos, ademais, como estes territorios, cun certo grao de homoxeneidade por causa destes intereses produtivos compartidos, avanza e retroceden consonte movementos socioeconómicos ou socioculturais, polo que se impón unha ollada diacrónica.

O mesmo se podería dicir se, en lugar desta especialización vitivinícola, consideráramos outras actividades produtivas non xeneralizadas, como o pastoreo.

É preciso considerar factores de intercambio cultural que poden afectar a grupos de palabras concentradas ou non nun mesmo campo semántico. Foi sinalada, por exemplo, a influencia que grupos minoritarios de cataláns tiveron na difusión de nomenclatura relacionada coas innovacións tecnolóxicas na captura e no procesado do peixe, estendidas ao longo de grandes treitos de costa, e a presenza de palabras de orixe francesa, e máis concretamente da contorna de Clairvaux, no vocabulario do viño a partir dos asentamentos de mosteiros cistercienses. Tamén neste caso pode haber condicionantes físicos, como se mostra no capítulo coordinado por Fernández Rei; e non só porque, como é obvio, a existencia dunha determinada conformación xeolóxica ou doutro tipo condiciona que sexa ou non nomeada, senón porque a partir dunha mesma voz se producen especializacións en función da realidade xeográfica, co resultado de dúas ou máis voces con trazos semánticos diferentes distribuídas territorialmente consonte eses condicionantes naturais. Pode haber aínda outras motivacións: o traballo de Carlos Baliñas sobre as xurisdicións dos galegos do ano mil permitiunos recoñecer, aos que neste momento traballamos coa cartografía do léxico, pequenos territorios que aparecen diferenciados de maneira reiterada nos nosos mapas, como a Terra de Abeancos ou a de Caurias.

O Instituto da Lingua Galega agradece as axudas económicas do Ministerio de Educación e Ciencia, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e do Vicerreitorado de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela para a organización do Simposio ILG 2004, e á Facultade de Filoloxía a acollida sempre xenerosa. Esta obra non vería a luz sen o patrocinio do Consello da Cultura Galega, que colabora connosco desde a primeira edición e creou para nós a Serie Lingüística, dentro da Colección Base, que distribúe en formato libro e mais en edición electrónica gratuíta (<http://www.consellodacultura.org>). A todos eles e aos autores convidados, o noso recoñecemento.

Os editores